

## Deportistas olímpicas galegas

A actividade sobre as deportistas olímpicas galegas desenvólvese principalmente ao longo do terceiro trimestre, se ben comeza a xestarse a partir de contidos vistos na materia de Lingua e Literatura Galega no segundo trimestre, a partir do tema dedicado á entrevista e aproveitando ao feito de se desenvolveren os Xogos Olímpicos de Toquio no verán de 2021. Tomamos o referente de mulleres olímpicas coa finalidade de lle dar unha maior visibilidade ao seu traballo e esforzo para estaren no máis alto dos diferentes deportes que practican e representan.

Esta actividade permitiunos traballar todas as competencias e desenvolver diferentes capacidades que se recollen no currículo da nosa materia. Así, en comunicación lingüística coñecemos diferentes tipos de textos orais e escritos; colaboramos na busca, recompilación e procesamento de información así como na comprensión e produción de diferentes tipos de mensaxes tanto orais coma escritas ou no coñecemento e aplicación das normas de uso da lingua, adaptando a comunicación ao contexto.... A competencia matemática e tecnolóxica, manifestouse á hora de interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións razoadas, identificando as ideas fundamentais... Coa competencia social e cívica, aprendemos a valorar as diferenzas e recoñecer a igualdade de dereitos, entre home e muller; practicamos o diálogo e a negociación para chegar a acordos, tomando conciencia e control dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións... A competencia dixital, utilizámola como instrumento de traballo intelectual para nos informar, aprender e comunicar usando linguaxes específicas básicas (textual, numérica, visual, sonora...), aprendendo a analizar a información de forma crítica mediante o traballo tanto autónomo como colaborativo... A conciencia e expresións culturais, quedaron plasmadas a través do coñecemento dos diferentes deportes que practican estas mulleres, o que nos permitiu apreciarlos e valoralos como fonte de enriquecemento e patrimonio da humanidade desde hai miles de anos, sendo conscientes da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas para o medre propio, a través dunha actitude aberta e respectuosa cara á diversidade de deportes. Todo o dito ata aquí lévanos a que xermole no alumnado un claro sentido da iniciativa e do emprendemento que o levan a aprender a aprender, sendo capaz de obter información e transformala en coñecemento propio, valorando o esforzo e a aprendizaxe como elementos que enriquecen a vida persoal e social, xa que a cooperación e o traballo en equipo sempre suman e, coñecer a traxectoria deportista e vital destas mulleres revélase para as nosas rapazas e rapaces como un exemplo do camiño a seguir nas súas vidas.